



EXCMO. CONCELLO  
DA  
ESTRADA  
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 24  
DE OUTUBRO DE 2011**

**LUGAR:** CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

**TIPO DE SESIÓN:** EXTRAORDINARIA  
PRIMEIRA

**CONVOCATORIA:**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS

Alcalde

D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO

Concelleiro

DNA. AMALIA GOLDAR CORA

Concelleira

D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA

Concelleira

D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN

Concelleiro

D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR

Concelleiro

DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA

Concelleira

D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS

Concelleiro

D. ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS

Concelleiro

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ

Concelleiro

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

Concelleira

D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO

Concelleiro

D. MANUEL OTERO ESPÍÑO

Concelleiro do PP

DNA. M<sup>a</sup> MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

D. MANUEL PARADELA ABELLEIRA

Concelleiro

D. JOSÉ LUÍS PICAÑO RIVEIRA

Concelleiro  
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ  
Concelleiro

GRUPO B.N.G.  
D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS  
Concelleiro

FALTAN  
D. MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA  
Concelleiro do PP.  
DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE  
Concelleira do PP.  
DNA. ANA ASOREY BREA  
Concelleira do PS de G – PSOE

SECRETARIO  
D. JOSÉ NAVEIRA GONZÁLEZ

Na Casa do Concello, sendo as once horas e quince minutos do día vinte e catro de outubro de dous mil once, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto o Secretario. Asiste tamén o Sr. D. Marcos Andújar Mato, informático do Concello, para colaborar na realización do sorteo por medios informáticos.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

**ORDE DO DÍA**  
\*\*\*\*\*

**ÚNICO.- SORTEO DOS COMPOÑENTES DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS XERAIS 2011.**

\*\*\*\*\*

**SORTEO DOS COMPOÑENTES DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS XERAIS 2011.**

*Sr. Alcalde: De conformidade coas previsións do art. 26 da Lei Orgánica de réxime electoral xeral e tal e como é costume neste Concello, vaise proceder por métodos informáticos ao sorteo das mesas electorais para as vindeiras eleccións. O resultado do sorteo recollerase a modo de anexo da acta da sesión plenaria. Tamén se procederá a entregar unha copia do resultado do sorteo a cada un dos grupos da Corporación. O que pasa pola Lei de protección de datos, cambiou o modelo de notificación, que trae os domicilios e enderezos particulares, entón pola Lei de protección de datos van ter que facer unhas actas especiais para entregar aos grupos sen*

*ese datos persoais, polo que se lles dá igual pasar a recoller a copia de cada grupo político a última hora da mañá, se vos parece ben, para que lles dea tempo a preparar toda esa documentación.. Senón, en todo caso como moito nunha hora dende a celebración desta sesión, pero se non é así e queredes vir a última hora por eles, agradecemosvolos.*

*Como xa se ten feito noutras ocasións e coa finalidade de evitar sorteos posteriores se a algún dos elixidos se lle reconece algunha imposibilidade para cumprir as súas funcións para ser membro da mesa, pasará o seguinte da lista que cumpra cos requisitos, sempre que non medie instrución diferente por parte da Xunta Electoral. Entendo tamén que este é un tema que se fai habitualmente e polo tanto supoño que haberá conformidade por parte de todos. Polo tanto procedemos ao sorteo dos compoñentes para membros das mesas para as Eleccións Xerais do 2011.*

Coa conformidade dos Sres. Concelleiros, e a indicación do Sr. Alcalde e coa asistencia do Informático do Concello, realízase o sorteo por medios informáticos, concluíndo este en poucos segundos, do que da conta o Secretario do Concello

Non habendo intervencións por parte dos concelleiros e concelleiras, levántase a sesión ás once horas e dezaoto minutos.

A modo de anexo da presente acta recollerase o resultado do sorteo.

A Estrada, 24 de outubro de 2011  
O secretario

Asdo.: José Naveira González